

na Unión Europea [COM82017) 495final] [2017/0228(COD)]{SWD(2017)304final}{SWD(2017) 305 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 18650, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo a un marco para a libre circulación de datos non persoais na Unión Europea [COM82017) 495final] [2017/0228(COD)] {SWD(2017)304final} {SWD(2017) 305 final}

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvoo:

1º. Trasladarlles o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### **3. Administración do Parlamento de Galicia**

#### **3.2. Recursos humanos**

**Resolución da Presidencia, do 16 de outubro de 2017, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de aspirantes admitidos ao concurso de méritos para a provisión dos postos de técnico/a de asistencia parlamentaria técnico/a superior de réxime interior e técnico/a de publicacións da administración do Parlamento de Galicia**

De conformidade coas medidas de planificación dos recursos humanos para o ano 2017 adoptadas pola Mesa do Parlamento de Galicia, conforme o acordo da Mesa de negociación do 3 de xullo de

2017, entre as que se inclúe a creación de tres postos de traballo de técnicos do grupo A nos Servizo de Persoal e Réxime Interior, de Asistencia Parlamentaria e de Publicacións, a Mesa do Parlamento acordou, con data do 1 de agosto de 2017, a convocatoria destes postos vacantes mediante concurso de méritos, ao abeiro do disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia, e 16 e 28 do seu Estatuto de persoal.

RESOLVO:

1º. Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos do referido proceso selectivo.

—Admitidos:

Antonio Blanco Piñeiro. 36043517X

Martín Nercellas Méndez. 76821387F

Santiago Gonzalez Serrano. 32650154N

2º. Ordenar a publicación desta resolución no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Parlamento no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Santiago de Compostela 16 de outubro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente